EN MARCHA

Concello de Cedeira
Concellería de Deportes

CEDEIRA - MARZO 2018 - NÚMERO 49 - EDICIÓN GRATUITA

Cedeira, referencia do deporte galego neste comezo do ano

Dez medallas como inicio da temporada de Remo

Equipo de remo de Cedeira que participou no Campionato Galego de Remoergómetro celebrado en Ferrol

Os deportistas do Club de Remo Cedeira comezaron unha nova temporada con gran ilusión e gañas de superación.

A primeira cita á que acudiron foi o Campionato Galego de Remoergómetro, celebrado no pavillón da Malata (Ferrol) o día 21 de xaneiro. A esta primeira competición autonómica foron desprazados un total de 45 remeiros repartidos entre as categorías alevín, infantil, xuvenil e absoluta. O equipo realizou un gran papel conseguindo un total de 10 medallas, 5 na categoría individual e 5 na de equipos.

Os primeiros éxitos para os deportistas cedeirenses chegaron a título individual. Así, Candela Martínez foi bronce na categoría infantil feminina; Raúl López, prata na de cadete masculina; Noa Trigo, bronce en cadete feminina; Joaquín Montero, bronce na categoría senior masculina e Iván Sedes, prata na de discapacitados masculina.

Os remeiros locais tamén acapararon importantes premios na competición de relevos, como a medalla de bronce na de alevín feminina, a prata que recolleron os alevins masculinos, a medalla de prata das cadetes femininas, o ouro que lles impuxeron aos cadetes masculinos e o bronce dos seniors masculinos.

Iván Sedes posa coa súa medalla de prata

Magníficos resultados nas citas nacionais

Entre o 27 e o 28 de xaneiro disputáronse tanto o Campionato de España de Remoergómetro como o Campionato de España de Fondo e o Club de Remo Cedeira estivo representado nestas competicións por Noemi Martín, Noa Trigo, Raquel Rodríguez, Raúl López, Marcos Pernas, Ángel Breijo, Joaquín Montero e Iván Sedes.

As primeiras en competir ou sábado 28 no Campionato de España de Remoergometro foron Noemi, Raquel e Noa; a primeira conseguiu o posto 22º, a segunda o 26º e Noa quedou novena, logrando meterse no top dez da competición nacional.

Os seguintes en participar foron os cadetes masculinos; Marcos Pernas logrou o posto 27º, Ándel o 18º e Raúl López o 4º, quedando a tan só dúas décimas da medalla de bronce.

A continuación, Joaquín Montero consiguiu meterse entre os dez mellores alcanzando o posto nove na categoría absoluta masculina.

Máis adiante tocoulle o turno Iván Sedes, que deu ao equipo unha gran sorpresa ao facerse coa medalla de prata no Campionato e quedar a só unha décima do título nacional.

O domingo disputouse o Campionato de España de Fondo. A primeira en poñerse a competir foi Noemi Martín, a cal se fixo co 7º posto da categoría cadete feminina. Pola súa banda, Noa e Raquel loitaron en equipo e obtiveron un merecido octavo posto. Raúl tamén logrou meterse no ranking dos dez mellores obtendo o 9º posto, e Marcos quedou no 16º.

Por último, o remeiro internacional Joaquín Montero tomou parte na regata absoluta masculina, obtendo o posto número 14 e logrando así o acceso, unha vez máis, a formar parte da concentración do equipo nacional que tivo lugar en Galicia e que se prolongou durante dúas semanas.

Candela Martínez foi bronce na categoría feminina

Joaquín Montero quedou noveno na categoría absoluta

Raúl López está entre os dez mellores de fondo de España

Joaquín Montero na concentración nacional

Cedeira, sede do Campionato Galego de Bádminton

Por terceira vez, Cedeira acolleu o Campionato Galego de Bádminton, unha actividade organizada polo club local que tivo unha magnífica resposta por parte do público. Nun ateigado pavillón polideportivo déronse cita 70 deportistas chegados desde moi diferentes puntos da xeografía galega e dos que unha ducia eran locais. As competicións tiveron lugar o día 17 de febreiro e os resultados acadados foron sobrasaíntes para os deportistas cedeirenses. Una vez máis demostrouse que en Cedeira gusta ver e practicar este deporte, para o que non hai límite de idade e que non é moi esixente en canto á forma física. O Concello, coñecedor desta realidade, colaborou na organización como tamén o fixeron aos alumnos do Nicolás del Río e do IES Punta Candieira, así como Gadis e Eroski.

Juan A.Roguez, Santiago Freire, Manuel Suárez y A. Pazos

NOMES	POSTOS	CATEGORÍA
Adrián Loureiro e Lucía Picos	Segundos	DXA1
Diego Freire e María Corral	Segundos	DXA2
Emilio lópez e Hilda Martínez	Terceiros	DXB2
Alberto Yáñez y Alejandra Rodríguez	Terceiros	DXA1
Diego Freire y Emilio lópez	Terceiros	IMB1/B2
Juan Antonio Rodríguez	Segundo	IMD
Manuel Suárez	Terceiro	IMD
Santiago Freire e Juan Antonio Rodríguez	Primeiros	DMD
Hilda Martínez (con Mercedes Fernández)	Primeira	DFC1/C2
Alejandra Rodríguez	Terceira	DFA1/A2
Sonia Ramas	Cuarta	DFA1/A2
Lucía Picos e Alejandra Rodríguez	Cuartas	DFA1
Diego Freire (con Julio Fernández)	Primeiro	DMB1

Xa hai data para a Gala do Deporte, será o 13 de Abril

O Concello de Cedeira, a través da Concellería de Deportes, xa está a traballar unha nova edición da Gala do Deporte, que terá lugar o día 13 do próximo mes de abril, a partir das oito da tarde, no pavillón municipal. Esta celebración, que representa a homenaxe e reconocemento do pobo cedierense aos deportistas locais, dará lugar á entrega de premios aos que destacaron dun modo especial durante a pasada tempada. Haberá galardóns para os mellores nadadores, tanto homes como mulleres; para os de triatlón (H-M); atletismo (H-M); fútbol (H-M); remo (H-M); deporte adaptado (M) e kárate (M). O Concello ademais concederá galardóns especiais ao deportista máis veterano, a persoa que teña unha mellor traxectoria deportiva, ao mellor adestrador local e ao veciño que leve toda a vida dedicada ao deporte. A Gala finalizará coa entrega de premio ao mellor deportista cedeirense do ano. O goberno tamén espera contar coa presenza na gala dun destacado deportista, a nivel nacional. Será unha sorpresa.

“Discalzas” fai historia no fútbol feminino local

O proxecto do Clube Discalzas SD xurde “da necesidade de equiparar o deporte feminino ó masculino a todos os niveis, acadando as condicións de igualdade necesarias para desenvolver a súa práctica deportiva”, segundo apuntou a presidenta da entidade, ademais de xogadora, Zeltia Pardo Naval. A orixe da entidade aina que situar no ano 2010 por iniciativa dun grupo de rapazas de Cedeira “con desexo de xogar ao fútbol e coa idea de crear un equipo feminino nun Clube no que ata ese momento a presenza de mulleres entre os xogadores era anecdótica”. Foi así como se consolidou o primeiro equipo de fútbol 8 integramente feminino en Cedeira e foi tal a aceptación desta iniciativa que na tempada seguinte fixeron falta dous equipos para dar cabida ás numerosas rapazas interesadas en practicar neste deporte. Sete anos despois, tras longas loitas por equiparar os dereitos das mulleres aos dos homes no fútbol local, e ante a negativa das xogadoras a aceptar as condicións que a directiva do clube esixía, tómase a decisión de iniciar a andaina á marxe do clube de orixe.

Xurde así o proxecto Discalzas SD que, despois de superar certas dificultades, nace oficialmente o 26 de xuño de 2017, un club constituído na súa totalidade por mulleres e coordinado por unha directiva con representación de todas as xogadoras maiores de idade. A partir dese momento tocou poñerse a traballar, un camiño

que finalmente resultou doado e gratificante grazas á inmensa cantidade de apoios e axudas. Así, o Concello de Cedeira facilitou o acceso ás instalacións municipais para poder adestrar e xogar, o asesoramento e axuda da Federación Galega de Fútbol (Delegación de Ferrol) e moitas empresas locais que colaboraron aportando capital económico para mercar material, equipacións e costear os gastos derivados das competicións, así como unha gran cantidade de veciños de Cedeira que se fixeron socios e están a animar ao equipo en cada partido. Na actualidade, compoñen o clube 16 xogadoras de entre 12 e 40 anos, e un adestrador, “fiel defensor dos dereitos das mulleres no mundo do fútbol”, segundo Zeltia. Os adestramentos e partidos realízanse no campo “O Beco”, unhas instalacións compartidas co Club Cedeira SD. Nesta tempada as xogadoras compiten na Liga e na Copa de Fútbol 8 feminino de Ferrol.

Grandes logros do Club de Kárate no trofeo de Negreira

A Escola de Kárate de Cedeira participou no XXVI Campionato de Negreira, xunto ao clube irmán Kárate Casino de Ares. De Cedeira cabe destacar a participación nas seguintes categorías: en kata benxamín a de Mariana Simión López, en alevín a de David Simión López e na de cadete a de Gabriel Miranda Pérez. Na categoría de kumite cadete (combate) competiu Xan Pérez López. A Escuela acadou un grande éxito nesta competición xa que tanto Mariana Simión López, que rematou terceira, e Gabriel Miranda Pérez, que conseguiu ser o campión do trofeo na súa categoría, deron unha grata sorpresa. David Simión López segue a evolucionar esperando pronto conseguir resultados. Mención especial merece a participación de Xan Pérez López que, pelexando e con moitas posibilidades de estar no podio, acabou lesionado. Espérase unha rápida recuperación e a súa volva a competición con renovadas enerxías, xa que conta co máis sinceiro apoio de compañeiros e adestradores. ¡¡Parabéns a tod@s por un Gran Campionato!!

O fútbol base deuse cita no campo do Beco

O campo do Beco de Cedeira acolleu o Martes de Entroido unha magnífica xornada de fútbol base con motivo da fase final do Campionato Galego de Seleccións Comarcais da categoría Sub-12 (fútbol 8). Oito seleccións, catro masculinas e catro femininas, buscaban o título autonómico, pero só dúas puideron conseguilo. E houbo sorpresa nas dúas categorías. Pontevedra fíxose co título na categoría masculina e Vigo na feminina. No caso dos pontevedreses, estrean o seu palmarés na categoría masculina. A choiva deu unha tregua durante a mañá aínda que pola tarde tampouco quixo perderse o espectáculo, agora ben fixo acto de presencia de maneira suave. Moito público acudiu ao Beco para gozar deste evento organizado pola Real Federación Galega de Fútbol coa inestimable colaboración do Concello de Cedeira e dos clubs locais Cedeira SD e Discalzas SD.

Unha vez celebradas as dúas finais procedeuse á entrega de medallas a todos os equipos participantes e os trofeos aos dous campións. Debido á choiva o acto de clausura levouse a cabo no pavillón deportivo, cunhas bancadas ateigadas de pais, familiares e afeccionados. O alcalde de Cedeira, Pablo Moreda Gil, e o vicepresidente da RFGF, Juan Luis Villamisar, entregaron os trofeos, acompañados doutras autoridades federativas e dos dirixentes do Cedeira e do Discalzas.

Gran tempada do Cedeira SD

Quen nos ía dicir a principio da temporada que a mediados de febreiro o Cedeira estaría a salvo, case impensable xa que o ano pasado este equipo conseguiu manterse na última xornada de liga fronte ao Carral.

Pero estas son as cousas que ten o fútbol, as que fan que este ano todo estea a ser ben diferente no Beco, que se convertiu no equipo revelación do grupo un da 1ª Autonómica Galega.

O equipo de David Pérez e Gonzalo López, tras ter disputados 22 partidos de liga, xa está a ocupar o tercero lugar empatado a puntos co cuarto clasificado, o Carral; a tan só dous puntos do segundo, o Vitoria, e a sete puntos do primeiro, que é o Atlético Coruña. Unha gran temporada é a que está a realizar o equipo blanquinegro, ao que ninguén foi capaz de gañar no seu feudo, O Beco este ano está a ser un fortín. No campo local o Cedeira xa suma 10 vitorias e 2 empates.

A falta dunha ducia de xornadas de liga e tras o obxectivo cumprido, o Cedeira soña con xogar unha fase de ascenso á categoría de preferente na que nunca xogou en toda a súa historia.

Pero hai que ir partido a partido e tentar aspirar a conseguir o que sería un gran logro e un ano moi bo para a parroquia cedeirense.

Riveiro e Pérez traen á vila subcampionatos galegos de natación

A localidade de Cervo acolleu, durante as xornadas do 3 e 4 de marzo, o Campeonato Galego de Natación Júnior e Infantil de Inverno, unha competición na que tomaron parte un total de 328 nadadores chegados de moi diferentes puntos de Galicia e na que o club de natación local estivo representado por sete grandes deportistas.

Os resultados chegaron da man de Manuel Riveiro -subcampión na distancia de 100 e 200 metros braza- e de Juan Pérez -subcampión tamén como Riveiro pero, neste caso, en nado libre. Elsa, Lucía e Inés foron quen de representar á natación feminina cedeirense, logrando todas elas mellorar as súas marcas persoais, como despois tamén o fixeron Riki e Pablo.

As persoas que están ao frente do Club Natación Cedeira califican de espectacular a participación dos deportistas locais nesta última edición do Campeonato Galego de Natación Júnior e Infantil de Inverno.

O atletismo fai historia en probas de campo a través

De históricos poden calificarse os éxitos do atletismo local en base aos resultados obtidos polos deportistas de Cedeira tanto no campionato de España de campo a través como no galego da mesma especialidade deportiva.

Andrea López foi unha das seis únicas corredoras galegas que representaron á comunidade no campionato de España, logrando un moi meritorio sexto posto. Damián Suárez, pola súa banda, competiu na proba autonómica, proclamándose campión galego individual de campo a través. O equipo de alevins quedou terceiro, conseguindo así unha moi merecida medalla de bronce.

Desde o Club de Atletismo de Cedeira valóranse estes resultados de maneira moi especial polos "escasísimos medios dos que dispoñemos" e polo feito de poder meter aos nosos deportistas no podio, en disputa con grandes clubs como poden ser o Real Club Celta de Vigo ou o Atlético Lucense, entre outros.

"Son éxitos sen precedentes", polos que tanto o Club como os deportistas cedeirenses están a recibir múltiples felicitacións "por poder competir e gañar a clubs de dimensións moi superiores ás da entidade local".

O atletismo cedeirense está a ter un bo comezo esta temporada. Parabéns!!!!

Apader: Un club de “boas prácticas”

A tempada 2017 finalizou e o reto de recuperar o Campionato de Liga de Baloncesto de Special Olympics conseguiuse. Os deportistas de Apader participaron en campionatos nos que sufriron dolorosas derrotas, vitorias de infarto, tiveron algunha lesión, pero sobre todo, deron o mellor deles, facendo que venceran valores do deporte como o compañerismo, o respecto, o traballo en equipo e a amizade, segundo se pon de manifesto desde a Asociación Pro Personas con Dispacidad Intelectual. Nalgún destes campionatos Apader logrou o trofeo de “Boas Prácticas”, que se concede ao Club que máis respecta estes valores deportivos.

A temporada 2018 está a piques de arrincar. O día 10 de marzo celebrarase en Vilagarcía o Campionato Autonómico de Deportes Minoritarios organizado por Special Olympics.

Deportes como o bádminton e o tenis de mesa poñerán a proba a estes deportistas, ademais de competicións motrices adaptadas que están destinadas ás persoas que demandan necesidades de apoio extenso e xeneralizado.

Os retos seguen a ser moitos e a ilusión, maior aínda. Para os responsables de Apader explícase que a idea é gozar do deporte, conseguir novos títulos e seguir crecendo como deportistas e como persoas.